



Sin listas de espera. Su cita en una semana.

Ir a...

[Home](#) / Ferrol / Ferrol / Ferrol acolle este sábado as Xornadas de Concienciación para condutores con sancións

Ferrol acolle este sábado as Xornadas de Concienciación para condutores con sancións

FERROL360 | Venres 4 marzo 2016 | 20:00

O cuartel da Policía Local de Ferrol, en San Xoán, acolle este sábado, 5 de marzo, a séptima edición das *Xornadas de Concienciación*, un programa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para condutores con sancións por delitos relacionados coa seguridade viaria como alternativa aos tradicionais Traballo en Beneficio da Comunidade e que se encadra dentro dun convenio entre a Alcaldía e Institucións Penitenciarias.

Esta edición desenvolverase durante dous meses -8 sábados-, nas dependencias da Policía Local grazas á colaboración do Concello de Ferrol e da Xefatura deste corpo. Durante as vindeiras sesións participarán 24 persoas deste grupo -22 homes e dous mulleres-. No último lustro, víñanse celebrando no Concello de Narón, malia que o maioría dos asistentes son veciños do municipio ferrolá. No ano 2015, 65 persoas tomaron parte deste programa nas xornadas celebradas en Narón e Compostela.

Estas *Xornadas de Concienciación* están coordinadas por

dous profesionais da psicoloxía con ampla experiencia no eido do tráfico. O programa, que conta co apoio da Dirección Xeral de Xustiza e de Institucións Penitenciarias (Unidades de Medidas Abertas), ten como fin concienciar os condutores e condutoras de que a seguridade viaria depende de todas e cada unha das accións que a nivel persoal e individual en disposición de asumir.

Preténdese diminuír o número de condutas infractoras, así como incrementar a motivación ao cambio para lograr maior responsabilidade e respecto ás normas. Ao mesmo tempo, búscase incrementar o autocontrol e a responsabilidade compartida nas vías, así como dotar as persoas participantes de recursos, medios e análise crítica para corrixir ideas distorsionadas sobre a condución e a responsabilidade na estrada.

Nunha segunda fase, a Policía Local de Ferrol pasará a supervisar as tarefas dos penados por delitos de tráfico co fin de implicalos en tarefas de regulación da circulación e na patrulla dos barrios para detectar infraccións co ánimo de que tomen conciencia da importancia de respectar as normas como condutores e peóns polo ben común.